

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN SAÚDE MENTAL "A MARIÑA" PARA O MANTEMENTO DUNHA VIVENDA TUTELADA PARA MULLERES CON ENFERMIDADE MENTAL QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade formalizou con data 16 de maio de 2024 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Saúde Mental "A Mariña" para o mantemento dunha vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero que ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres con enfermidade mental, vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación, derivados dende a coordinación da Rede galega de Acollemento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación Saúde Mental "A Mariña" ten entre os seus obxectivos os de prestar asistencia continuada ás persoas con enfermidade mental persistente para lograr a súa rehabilitación psicosocial, así como apoio ás súas familias, na Comunidade Autónoma de Galicia. Conta cunha longa experiencia na xestión de dispositivos de apoio e programas terapéuticos, sendo a única asociación destas características na Mariña lucense.

Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dunha vivenda preparada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, e cumpre os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola



que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación Saúde Mental A Mariña para o financiamento do mantemento dunha vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero que ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres con enfermidade mental, vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación, derivados dende a coordinación da Rede galega de Acollemento.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario. O carácter singular do presente convenio vén porque na nosa Comunidade Autónoma, non existe ningún recurso de acollida específico para mulleres con enfermidade mental e que sofren violencia e xénero, o que provoca que en numerosas ocasións se vexan privadas do seu dereito á asistencia social integral que lles garante a Lei. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por esta entidade, leva á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer a presente liña de colaboración.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a Asociación Saúde Mental "A Mariña" ten entre os seus obxectivos os de prestar asistencia continuada ás persoas con enfermidade mental persistente para lograr a súa rehabilitación psicosocial, así como apoio ás súas familias, na Comunidade Autónoma de Galicia. Conta cunha longa experiencia na xestión de dispositivos de apoio e programas terapéuticos, sendo a única asociación destas características na Mariña lucense.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei



9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

